

CONCLUSIÓNS DA REUNIÓN DE TRABALLO DAS CONSELLERÍAS DE EDUCACIÓN DE GALICIA, ASTURIAS E CASTELA E LEÓN

Escola rural

- A escola rural contribúe á fixación da poboación do medio rural e a mitigar o problema demográfico, con independencia do modelo organizativo.
- A educación rural duplica o custe da educación no medio urbano, polo que se fai necesario un financiamento específico.
- Tendo en conta a ausencia de centros concertados no medio rural, o sistema de financiamento das comunidades autónomas debe introducir un factor de corrección que distinga o custe do alumno na escola pública do custe do alumno concertado.
- O sistema de financiamento debe recoller como factores de corrección non só o ruralismo, senón a dispersión da poboación.
- O Pacto de Estado pola Educación debe contemplar estándares mínimos de calidade que garantan a sustentabilidade da escola rural temporal e financeiramente e unha efectiva igualdade de oportunidades.
- Reforzo dos servizos complementarios e dinamización da contorna na que deben implicarse as administracións públicas, non só Educación.

Escolas conectadas

- É necesario establecer un Plan nacional no que se fixen os mínimos dixitais para que cada tipoloxía de centros educativo, con especial atención á escola rural. Vinculado a este plan débese desenvolver o uso educativo das TIC emerxentes (robótica, tecnoloxía 3D, realidade virtual etc.) para que os alumnos sexan plenamente competentes na sociedade no século que lles toca vivir.
- Vincular todo isto a un plan de formación do profesorado para o uso dos recursos dixitais mediante novas metodoloxías de ensinanza e aprendizaxe.
- Colaboración entre as tres rexións para mellorar a competencia dixital docente e elaboración de recursos e materiais comúns.
- Realizar entre as comunidades autónomas transferencia de boas prácticas nestes aspectos e crear grupos de traballo permanentes para o intercambio de experiencias entre comunidades autónomas.

Calidade e inclusión

- Equidade e inclusión como factores determinantes da calidade do sistema educativo en permanente evolución.
- A escola do século XXI debe ser unha escola que inclúa a todo o mundo e coa participación de todos.



- A norma básica ten que conxugar o dereito á inclusión de todo o alumnado cunha visión de responsabilidade compartida entre todos os axentes que interveñen na educación, potenciando especialmente a participación do terceiro sector.
- O profesorado debe liderar unha verdadeira educación inclusiva proporcionándolle a formación necesaria para iso.
- Estratexia de abordaxe da inclusión a través de protocolos amparados na norma básica, elaborados coa colaboración do terceiro sector e baseados nun enfoque de práctica educativa.
- A formación inicial, os graos universitarios, e a permanente do profesorado deben estar actualizadas e baseadas nun marco común de competencias profesionais docentes.
- É necesario fomentar a autonomía de centros para crear organizacións educativas competentes que respondan a proxectos educativos de calidade.
- A innovación educativa é un proceso fundamental e un eixe vertebrador da práctica educativa que debe aproveitar as TIC sempre ao servizo da innovación.
- O sistema educativo español debe evolucionar cara un modelo educativo propio do século XXI e para iso debe contemplarse a avaliación de todos os elementos como proceso fundamental, incluíndo a avaliación dos currículos escolares e da organización de centros docentes.

Persoal docente

- Rebaixar a taxa de interinidade por debaixo do 8%, para conseguilo solicítase eliminar o límite da taxa de reposición de efectivos en canto sexa posible.
- Convocar os procesos selectivos co maior número de prazas posible que permitan rebaixar dita taxa co obxectivo de dar estabilidade ao cadro de persoal.
- Actualizar a normativa actual de acceso á función docente, ten que tenderse a unha norma que elixa aos mellores.
- Contemplan o proceso selectivo que avalíe a competencia docente en metodoloxías activas, dominio doutras linguas e as TIC.
- Antes da implantación da nova norma, tería que haber un proceso transitorio para que non deixe fóra aos que están no sistema actualmente, interinos e alumnos das facultades universitarias.
- Incluír na definición das titulacións universitarias a referencia ás especialidades dos corpos docentes que se poden impartir.
- Adecuar a normativa vixente RD 860/2010 para ensinanza privada e concertada e estendelo á pública para evitar disfuncións.
- En FP e ensinanzas artísticas, ademais das titulacións necesarias, incorporaranse as cualificacións profesionais.

Formación Profesional Dual

- O importante traballo e esforzo desde o ano 2012 permitiu avanzar no desenvolvemento dun sistema de FP Dual no ámbito educativo, sentando as bases para a súa implantación e a súa consideración como unha modalidade necesaria na FP inicial.
- É necesario acondicionar un sistema de FP Dual no sistema educativo definindo un marco nacional flexible que permita a coexistencia de diferentes modelos que dean resposta ás peculiaridades existentes en cada comunidade, ás especificidades da nosa contorna produtiva e aos cambios tecnolóxicos e organizativos cada vez máis rápidos e imprevisibles.
- Requírese a implicación e compromiso dos interlocutores sociais, entidades, clústeres, asociacións profesionais e empresariais, cámaras de comercio, e das propias empresas para o desenvolvemento dun sistema de FP Dual propio do sistema educativo.
- Todo este sistema terá que estar aliñado coas recomendacións europeas pola calidade e eficacia da FP Dual.

Universidade

- Creación dun repositorio para albergar normativa, información pública, notas de presa etc. relacionadas coas universidades das tres comunidades autónomas, primeiro paso para crear unha Conferencia de responsables autonómicos en materia universitaria.
- Avanzar no desenvolvemento de titulacións interautonómicas.
- Potenciar a especialización dos campus universitarios garantindo o equilibrio territorial, tanto dentro de cada comunidade autónoma como fóra dela.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA